

Itinerario Lector


ESO e Bacharelato

*Departamento
De
Tecnoloxía*




*IES de Fene
Biblioteca "O Segrel do Penedo"*

<http://osegrel.blogspot.com>



1º e 2º ESO

LOS RECORTABLES DEL JOVEN EINSTEIN




Blanco Laserna, David

Editorial Nivola

Cada recortable deste libro lanzarache de cabeza a un experimento alucinante: duendes que levitan, espadachíns que se baten sós en duelo, dragóns obedientes, vampiros acuáticos, momias magnéticas, pilotos de pompas de xabón... ¿Listo para montar o máis fantástico laboratorio con só papel e cartón? ¡Pois agarra ben as tesoiras e non te cortes!

LA MALDICIÓN DEL ZODIACO



Olalla Linares, Carlos

Editorial Nivola

Mina e Marco cabalgan desorientados en busca dun refuxio onde pasar a noite, cando un home se cruza no seu camiño invitándoos ao castelo do seu amo: Ludovico, un excéntrico xove que vive sumido na soidade e o estudo. Alí coñecerán a lenda do Zodiaco, o diamante que fixo tolear a toda a súa familia... e que aínda segue agochado nalgún lugar do castelo.

EL HUEVO FANTASMA Y OTROS EXPERIMENTOS ALUCINANTES



Blanco Laserna, David

Ilustrador: Pinto, Carlos

Editorial Nivola

Xogos, historias, trucos de maxia e moitas cousas máis. No Laboratorio Fantástico nada é o que parece... Ata a máis inofensiva mouta de po pode abrirche as portas a un mundo máxico e asombroso que se desenvolve todos os días diante do teu nariz. Aínda que ti non o vexas! Ovos transparentes, ovos que aparecen e desaparecen, que se coan dentro dunha botella... Nunca volverás a contemplar un bocata de tortilla cos mesmos ollos!

LA CLAVE SECRETA DEL UNIVERSO



Hawking, Lucy e Stephen

Editorial Montena

Con **LA CLAVE SECRETA DEL UNIVERSO** Stephen Hawking e a súa filla Lucy teñen conseguido acercar aos pequenos - e non tan pequenos-as marabillas e os segredos do Universo e así mesmo demostrarnos que a ciencia tamén pode ser divertida e apaixonante.

ASTRONOMÍA PARA NIÑOS Y JÓVENES. 101 EXPERIMENTOS




Van Cleave , Janice

De Limusa

A astronomía non é só fórmulas complicadas e historias acerca das constelacións. Tamén estuda como algúns fenómenos da Terra e de fóra dela afectan a túa vida, así como os corpos celestes se afectan entre eles. É, sen dúbida, unha das ciencias máis fascinantes e divertidas que existen. Neste libro ofrecémoste 101 experimentos doados, seguros e entretidos, nos que aprenderás por que xiran os planetas, que son os ventos solares, cal é a distancia entre a Terra e a Lúa, por qué se producen os eclipses, e moitos outros datos de interese.

OUTROS LIBROS DE DIVULGACIÓN



Ligazón no que aparecen moitos libros de divulgación en formato dixital así como en formato PDF para poder descargalos e gozar deles en calquera momento

<http://www.librosmaravillosos.com/>

3º e 4º ESO

DE LO FANTÁSTICO A LO REAL. DICCIONARIO DE LA CIENCIA EN EL CINE




Serrano Cueto, José Manuel

Editorial Nivola

Este libro recolle máis de 400 películas e máis dunha vintena de series de ficción de televisión dedicadas, íntegra ou parcialmente (neste caso son obras cuxas tramas dan certa importancia á ciencia ou á tecnoloxía) á astronomía, bioloxía, física, xeoloxía, química, matemáticas, tecnoloxía... e, sobre todo, á medicina. Ésta ten sido –e é– a disciplina científica que máis ten atraído ao cine e á televisión dende os seus comezos.

NEWTON. GUÍA PARA JÓVENES



Jakerman, Jane

Editorial Lóguez

É un ameno repaso aos conceptos de Física, Matemáticas e Óptica que se traballan en terceiro e cuarto da ESO. Newton é o pai da ciencia moderna. Entendelo é entender as claves do noso sistema científico. Para elo Jakerman formulou un libro que desenvolve a súa vida e a súa época e nos introduce de forma sinxela na interioridade dos seus descubrimentos. Un pracer a súa lectura.

LA SEDUCCIÓN DE LA MÁQUINA.

SANTPONÇ, MONTURIOL, ISAAC PERAL VAPORES SUBMARINOS E INVENTORES




Nieto Galán, Agustín

Editorial Nivola

As vidas de Santponç, Monturiol e Peral explícanos mellor que calquera descrición xeral as ambivalencias da cultura industrial na España do século XIX e fálannos de tecnoloxía, de cultura, e das súas fondas interaccións.

BACHARELATO

NEWTON . EL UMBRAL DE LA CIENCIA MODERNA



Muñoz Santonja, José


Editorial Nivola

Isaac Newton é, sen dúbida, o científico do que máis persoas lembran ter oído falar, ao que non é allea a súa vinculación con certa famosa froita.

Newton ordeou o sistema do universo e revolucionou a física e as matemáticas, construíndo o umbral que permitía o paso á ciencia moderna.

Na súa vida persoal foi bastante raro e, como viviu moitos anos, viuse envolto en multitude de peripecias. Unha aproximación bastante amena ao que foi a súa vida e a súa obra atópase nestas páxinas, que esperamos desfrutedes.

EL ARCO IRIS DE FEYNMAN




Mlodinow, Leonard

Editorial Drakontos

Richard Feynman (1918-1988) foi un dos maiores físicos do século XX. Célebre polas súas contribucións á electrodinámica cuántica, que lle valeron o premio Nobel en 1965, tamén se gañou a admiración e o cariño dos seus colegas pola súa fascinante personalidade. Neste libro, Leonard Mlodinow describe a súa relación con Feynman durante o seu primeiro ano no California Institute of Technology, o lugar de traballo de aquel físico xenial. Co seu doutoramento baixo o brazo, inseguro e intimidado nun centro tan distinguido e competitivo, Mlodinow encontrou en Feynman algo máis que un colega experimentado: descubriu un home sen prexuizos que atesouraba un marabilloso universo de experiencias e ideas, moitas das cales compartiu con el precisamente durante os últimos meses de vida de aquel gran xenio: cal é a natureza da ciencia, que é a creatividade, o amor, a matemática, a felicidade, o arte, Deus, pero tamén a teoría de cordas ou a teoría unificada de todo. O arco iris de Feynman é, así, produto da mente, pero tamén do corazón: unha conmovedora historia de preguntas, respostas e do fermoso misterio que se oculta tras elas.

INTRODUCCIÓN A LA CIENCIA



Gribbin, John

Editorial Drakontos

Fronte a obras nas que se intenta presentar a un público amplo unha ou outra área científica, este libro ten un obxectivo máis ambicioso: constituírse nunha « guía para perplexos, é dicir, para quen son vagamente conscientes de que a ciencia é importante e podería ser incluso interesante, pero a quen lles espantan os detalles técnicos.»

Pretende, en definitiva, amosar, de xeito claro e accesible, o conxunto da ciencia contemporánea, dende a física á bioloxía, pasando pola química ou a astrofísica. Átomos, cadeas de ADN, derivas de continentes, especies, orixe da vida, planetas e galaxias son algúns dos conceptos, temas ou teorías que ocupan as páxinas deste libro.

LOS DESAFÍOS DE LA CIENCIA



Yndurain, Francisco

Editorial Drakontos

Sobre diversos desafíos que suscita ou suscitou a ciencia (a física especialmente, pero tamén a astronomía, a cosmoloxía, a bioloxía e algunha máis), versa este novo libro do profesor Francisco J.Ynduráin, un dos físicos teóricos españois máis distinguidos, un libro que combina como poucos rigor con claridade. Retos como o que suscitou aos científicos do terceiro Reich (e aos aliados) descifrar os segredos da enerxía atómica, que uns superaron e

outros non; o de para que serve a investigación científica, ou o que supuxo para o noso país a « revolución científica» do século XVII. Sen esquecer, claro está, outros retos máis puramente científicos, como son imaxinar unha teoría da gravitación coherente coa relatividade e a mecánica cuántica; resolver o profundo desafío que significa comprender esta mecánica; descifrar as estruturas de espazo, tempo e materia que forman o substrato das nosas teorías físicas, ou o reto (quizais sería aquí máis apropiado utilizar a palabra enigma) que nos suscita a posible existencia de civilizacións extraterrestres. Todos estes temas, e algún máis, se desenvolven nos dez ensaios dos que consta este libro.